



RUTAS

PATRIMONIO CULTURAL GALEGO

ARREDOR DE SAN SIMÓN

Partida: Parque Zoológico da Madroa (Vigo) Destino: Oseira
Chegada: Arcade
Distancia aproximada: 38 km

ITINERARIO:

- 1.- Monte Vixiador/Monte Penide
- 2.- Redondela
- 3.- A Peneda
- 4.- Castelo de Soutomaior
- 5.- Ponte Sampaio

EXTRAS:

- 1.- Máis aló
 - Illa de San Simón
 - Museo Municipal Quiñones de León e Museo do Mar (Vigo)
- 2.- Informacións útiles

Lembra

- Non prendas lume
- Recolle o teu lixo
- Non saltes muros ou valados
- Protexe e respecta os animais e as plantas
- Goza e mira polo noso patrimonio; danalo non só é unha mágoa senón tamén un delito.

ARREDOR DE SAN SIMÓN

Sedia-m'eu na ermida de San Simón/ e cercaron-mi as ondas, que grandes son. Así comeza unha das obras senlleiras da nosa literatura, a cantiga do trovador Mendiño que conta a ansiedade da moza que axexa o seu amigo. Cercada na Illa, á súa espera ou á de alguén que a rescate, a terra que tiña enfronte era, precisamente, a que esta ruta propón. As abas dos montes de Domaio (na cara norte) e Trasmañó (na sur) enmarcan o fondo da Ría de Vigo e o separan das augas máis abertas que están protexidas polas Illas Cíes.

Este é un itinerario por pobos e vilas que mudaron moito desde aqueles anos, pero que conservan moi vivo non só os testemuños daquel tempo e mesmo doutros anteriores, senón tamén a memoria heroica e lendaria de acontecementos cruciais da nosa historia, como as batallas de Rande, e os seus galeóns afundidos nestas augas estreitas, e de Ponte Sampaio, coa coraxe dos que lograron vencer o exército francés. E tamén a de feitos máis recentes, dolorosos pola súa proximidade e inxustiza, como os sucedidos na Illa de San Simón durante os longos anos da represión franquista.

A ruta percorre os concellos de Vigo, Redondela e Soutomaior, case sen perder de vista o mar, fonte de vida e prosperidade antes e agora. Comeza nos cumios do Vixiador e Penide, onde os nosos primeiros arquitectos deixaron esas maxestosas e abraiantes construcións, que hoxe chamamos túmulos megalíticos, e que antes acollían aquela veciñanza exótica que eran «os mouros». Baixamos cara ao mar por estradas estreitas con panorámicas inesquecibles, para chegar a Redondela, antigo porto pesqueiro e comercial e hoxe dinámica capital municipal. Sobre nós podemos contemplar os viadutos que no seu día trouxeron o tren e que desafían ao paso do tempo.

Estamos nun territorio intensamente poboado e de moito movemento de persoas e mercadorías, ao situarse no vello camiño que conectaba Pontevedra con Vigo e con Tui e Portugal. Nas marxes da ruta principal atópanse aldeas e pobos que seguen diversos ramais cara ao interior, aproveitando vales e cursos fluviais. O antigo castro e a ermida da Peneda sitúanse nun outeiro que controla boa parte de toda a rexión. Un pouco máis aló, o castelo de Soutomaior lembra outros tempos, aqueles nos que os cabaleiros desta casa eran os amos da terra.

Xa de volta é imperativo facer homenaxe aos heroes da independencia na Ponte Sampaio, escenario da gran batalla e unha das pontes máis antigas e transitadas do país.

1. AS NECRÓPOLES TUMULARES DOS MONTES VIXIADOR E PENIDE



Para quen non coñeza a zona, a forma máis doada de achegarse ao Monte Vixiador é seguir os sinais que na cidade de Vigo guían cara ao Parque Zoolóxico da Madroa (Vigozoo) e a partir de alí os indicadores ao parque forestal do Vixiador e ao seu estacionamento.

Os cumios que pechan a ría de Vigo polo sur son fecundos en testemuños prehistóricos e esta zona é un exemplo claro desta afirmación. Estamos nunha penechaira que conforma a divisoria das augas que caen cara a Vigo (Val do Fragoso) e Redondela (Val do Alvedosa); as terras pertencen a 4 parroquias e 2 concellos distintos: Candeán (Vigo), Trasmañó, Cabeiro e Negros (Redondela).

Con máis de 60 monumentos megalíticos esta contorna constitúe un dos emprazamentos máis sinalados do megalitismo en Galicia. E aínda habería que ter en conta o conxunto de petroglifos da Poza da Lagoa (tamén en Trasmañó) e o castro de Negros –_nun outeiro que mira cara a Redondela_.

As mámoas e os dolmens foron construídos durante o período cultural denominado megalitismo, que comezou aló polo 4.000 a.C. Os seus construtores pertencían a pequenas comunidades que, ademais de cazar e recoller froitos silvestres, traballaban a terra, aproveitaban o mar e coidaban pequenos rabaños gandeiros. Eles foron os primeiros que deixaron a súa pegada permanente na paisaxe, cos seus monumentos funerarios.

Pouco é o que se sabe da súa forma de vida, xa que as necrópoles coma esta son o único testemuño

que chegou ata nós. Os investigadores cren que vivían en poboados de cabanas feitas con materiais perecedoiros. En calquera caso, o que resulta evidente é que estas xentes dedicaron moito traballo para honrar e gardar a memoria dos seus defuntos.

Estes e outros testemuños prehistóricos provocaron o asombro e a admiración dos que viñeron despois. Da necesidade de explicar a orixe destas construcións monumentais e das habilidades das comunidades que as levantaron naceu un dos legados máis fermosos da nosa tradición: ese universo paralelo de mouros e mouras con capacidades sobrehumanas, tesouros agochados e mil e unha historias fascinantes.

Estes «cortellos dos mouros», como lle chaman os veciños e veciñas, dispóñense ao carón dunha liña que percorre de norte a sur a chaira. A súa presenza é doada de descubrir pola súa silueta redondeada que sobresaen nunha topografía bastante chaira. Só un destes monumentos funerarios presenta á vista a estrutura da cámara.

Dada a amplitude da área arqueolóxica a visitar existen varias posibilidades, en función do tempo dispoñible e das capacidades de cada quen. Unha boa opción é tomar o camiño sinalizado que sae ao carón do estacionamento do parque forestal do Vixiador. Este roteiro, duns 4 km (ida), que permite a visita das mámoas da parroquia de Candeán, ten o seu punto de partida na estrada que bordea o parque forestal, a un cento de metros da fin do estacionamento. O percorrido proposto pódese facer completo ou, simplemente, achegarse ao túmulo situado a uns metros do panel indicador; outro túmulo máis, sinalizado, atópase nas proximidades do miradoiro que dá ao Fragoso.

Para facerse unha idea do conxunto do Monte Penide, o mellor é aproximarse ata a Mámoa do Rei. Basta tomar a pista asfaltada que sae á esquerda da cantina e no primeiro cruzamento tomar á esquerda. Esta magnífica estrutura, situada á beira mesma da estrada, está conformada por 6 grandes pezas de pedra que gardaban a cámara funeraria. Hoxe desapareceu non só a lousa que conformaba o cumio, senón tamén boa parte da acumulación de terra que completaba o túmulo.

Fronte a este megálito sae unha pista de terra; cada pouco, aos lados, resulta doado recoñecer a silueta dos vellos túmulos. Virando á esquerda e seguindo uns centos de metros _pouco despois de pasar o tendido eléctrico_ atopamos un gran penedo, chamado da Cruz, onde foi insculpido un deseño de aneis concéntricos e, xa en tempos históricos, unha cruz que indicaba o lindeiro das parroquias de Trasmañó, Cabeiro e Negros.

Vigozoo (Parque Zoolóxico da Madroa)

Seguimos a pista asfaltada cara abaixo, estreita e de pendente pronunciada, polo que cómpre ter prudencia. Vai desembocar á N-552, que tomamos á dereita en dirección a Redondela. Na entrada do casco urbano seguimos os sinais que indican o centro e a Alameda, onde hai unha ampla zona de estacionamento xusto debaixo do segundo viaduto.

2. REDONDELA

O estreito de Rande pecha a Enseada de Redondela, tamén chamada de San Simón. Neste tramo da ría a vila máis importante é, e foi, Redondela. Malia o seu intenso desenvolvemento conserva un interesante conxunto histórico e tamén algunhas tradicións moi antigas atesouradas na actualidade por xentes de todas as idades. Esta vila é, sen dúbida ningunha, unha pequena descoñecida.

Aínda que dúas antigas vías romanas cruzaban a actual poboación, o certo é que o seu desenvolvemento ten lugar no século XIII _cando aparece o primeiro dato fiable_. Seguramente algún asentamento sería promovido como núcleo de comercio durante o mandato do arcebispo D. Xoán

Arias (1237–1266). Esta sería a orixe de Vilanova de Redondela, que se contrapón á Vilavella _hoxe un barrio á entrada da vila, ao outro lado do río_. Cada unha delas pertenceu a un señorío diferente: a Vilanova aos arcebispos de Santiago e a Vilavella aos prelados de Tui, malia que ambas as dúas estaban na diocese tudense.



A súa situación estratéxica, nun cruzamento de camiños e na entrada meridional do señorío compostelán, determinou a construción da vila, así como o seu porto seguro, na beira do río Alvedosa, que noutro tempo penetraba no núcleo urbano.

O comercio de exportación de viños e salgaduras de peixe fixo de Redondela un animado porto nos tempos baixomedievais e sentou as bases dun pequeno grupo de mercadores e artesáns. Nos séculos da Idade Moderna, algúns deles acadaron a fidalguía e foron quen de compartir cos Prego de Montaos e outras liñaxes máis antigas o goberno do concello.

A praza da Alfóndiga, o concello e a igrexa parroquial eran no século XVIII o núcleo dunha comunidade que vivía da pesca e da transformación do peixe, do comercio e da agricultura; tamén dos oficios necesarios para a vida urbana e dos beneficios derivados do mercado. Pero, co paso dos anos, o peirao volveuse cada vez menos practicable polos mercantes e, ao cabo, a vida no mar foi esmorecendo e saíndo do núcleo urbano. Por fortuna, este era o tempo do ferrocarril e do desenvolvemento industrial da ría de Vigo, no que Redondela se implicou intensamente.

Oficina Municipal de Turismo: 986401713 (www.turismoredondela.net).

O itinerario de achegamento ao patrimonio e á historia da vila de Redondela admite distintas posibilidades, desde un paseo tranquilo deixándose levar polo encanto das rúas ata calquera dos percorridos propostos pola oficina de turismo (na Alameda). O rueiro esténdese de modo paralelo ao río desde Vilavella _que está xusto á entrada vindo desde Vigo ou do Porriño_ ata o mar e vai acomodándose á aba do monte. Nesta visita coñeceremos os puntos senlleiros da vila seguindo o mapa proporcionado pola Oficina Municipal de Turismo.

A nosa ruta comeza nos xardíns da **Alameda**, ao longo do río. Esta zona verde comezou a deseñarse a principios do século XX con parterres de estilo francés e árbores, e desde entón conforma un espazo preferente para o paseo e os espectáculos públicos. Do outro lado sobresaie especialmente o edificio do Mercado de Abastos, construído nos anos centrais do século XX.

Ao final do paseo pódese contemplar o **viaduto** máis antigo dos que cruzan a vila, o da liña Madrid–Vigo. As dúas pontes do tren son un dos referentes máis coñecidos da paisaxe redondelá, ademais de fitos senlleiros da arquitectura industrial da España do século XIX. A construción desta ponte de ferro comezou en 1863. O rei Afonso XII percorreu o tramo en 1877, nunha especie de inauguración, aínda que os convois tardarían varios anos en facer servizos regulares. Esta foi, xa que logo, unha obra longa e complexa, acometida pola empresa francesa Compagnie des Fives–Lille. Cantidades inxentes

de ferro e pedra chegaron á vila e foron pouco a pouco materializando o proxecto. Conflitivo resultou o seu financiamento, xa que durante décadas diversos persoeiros implicados na súa posta en marcha reclamaron o reembolso dos custes.

No seu tempo, o viaduto representou unha obra de vangarda. Finalmente, en 1971 quedou fóra de servizo ao executarse unha variante do percorrido ferroviario.

Seguindo o curso do río Alvedosa pode verse, na outra beira, o barrio de Vilavella, un dos núcleos orixinarios da vila. A Praza de Ribadavia marca o inicio do casco antigo de Redondela, por aquí entraban os viños do Ribeiro, que eran exportados polos barcos locais.

O CAMIÑO PORTUGUÉS A SANTIAGO

Redondela está no itinerario que os romanos construíron para comunicar as cidades de Lucus Augusti (Lugo) e Bracara Augusta (Braga) pola costa. Arredor desta vía xurdiron, co tempo, pobos e aldeas e conformouse a que chegaría a ser unha das principais arterias de transporte e comercio de Galicia. Por ela chegaban a Compostela _capital relixiosa e económica da Galicia medieval_ peregrinos, mercadores e viaxeiros de todo tipo como Santa Isabel de Portugal _a raíña Santa_, as tropas galegas cara ás guerras con Portugal, os exércitos de Napoleón e milleiros de viaxeiros anónimos.

Este percorrido é o que hoxe chamamos Camiño Portugués, que entra en Galicia pola barca que cruzaba o Miño en Tui e atravesaba os vales da Louriña e Alvedosa para chegar a Redondela. De aquí seguía cara a Pontevedra e Padrón para alcanzar a cidade do apóstolo.

A **Casa da Torre (7-marrón)** é o edificio máis sinalado desta zona. Foi vivenda señorial, sede do concello e hoxe acolle os peregrinos do Camiño Portugués a Compostela. Este impresionante caseiro amosa as armas dos seus antigos propietarios, os fidalgos da liñaxe dos Prego de Montaos (pontes). Aínda que estamos ante un pazo urbano, no que a casa repite o esquema da vivenda nobre do rural: unha torre _en lembranza do poder militar e xurisdiccional dos donos_ e a vara de casa ou vivenda propiamente dita que ten un desenvolvemento horizontal. O pazo foi construído a principios do século XVI por D. García Prego de Montaos, membro da que foi unha das liñaxes máis sinaladas da historia local.

Nun dos laterais do edificio está a praza do mestre Reveriano Soutullo _un dos nosos músicos principais, compositor de zarzuelas e de música para bandas e orquestras_, veciño desta vila durante uns anos. A memoria do autor do pasodobre Pontearreas gárdase tamén na antiga rúa do Ribeiro, que hoxe leva o seu nome.

Subindo pola rúa de Isidoro Queimaliños _chamada antes rúa do Val_ chegamos á Praza da Alfóndiga. Na esquina atópase a **Casa da Alfóndiga (6-marrón)**, que serviu como depósito para a venda e supervisión do comercio de gran. Seguimos subindo polo Adro ata a **igreja de Santiago Apóstolo (5-verde)**, parroquial da poboación. Este templo é de orixe medieval, aínda que a súa torre e bastantes dos seus elementos decorativos son barrocos porque, como en moitos outros lugares, foi cambiando e modernizándose ao ritmo dos tempos. A soberbia escultura que remata o tellado representa a imaxe de Santiago, cabaleiro que defende a Cristiandade contra os infieis; figura que preside igualmente o altar maior. Dúas das capelas laterais (San Sebastián e San Bieito) son tamén medievais.

En conxunto, o edificio viuse bastante alterado no século XVIII, cando se ampliou, se engadiu a torre e se substituíu parte do teito de madeira por unha bóveda de pedra.

REDONDELA E O ARCEBISPO FONSECA

O señor de Altamira, Bernal láñez de Moscoso, prendeu ao arcebispo Fonseca e o tivo preso dous anos en cortellos e alxubes. Deixouno ir coa promesa de non volver á Terra de Santiago en 10 anos. Corría o ano 1464 e Moscoso e os concellos que pertencían á Igrexa de Santiago buscaban liberarse dos prelados e gobernárense ao seu xeito. Afonso de Fonseca refuxiouse en Redondela, permanecendo nos seus dominios pero non na diocese compostelá. Aquí estivo ata que na primavera de 1465 o levantamento irmandiño obrigou os señores a fuxir para salvar as súas vidas. Fonseca foi a Portugal, onde pronto comezou a reunir xentes e aliados (entre eles Pedro Álvarez de Soutomaior) para recuperar o seu señorío.

A rúa Telmo Bernárdez acolle un interesante conxunto de vivendas que funden elementos cultos e populares. Os corredores e balcóns proceden do modelo de casa típico desta zona; non obstante, os arcos rebaixados de fiestras e portas e a concepción mesma da fachada responden aos criterios habituais do eclecticismo de finais do século XIX e principios do XX, no que se reformulan os materiais e as formas históricas.

De novo en Isidoro Queimaliños camiñamos por esta rúa que acolle un conxunto heteroxéneo de construcións: vivendas tradicionais, casas con aire de pazo ou elegantes edificios das primeiras décadas do século XX. Salvo nos casos máis recentes, a pedra é o material construtivo por excelencia e os balcóns adornan todas as fachadas. Un dos primeiros edificios é a parte traseira do antigo concello; aquí se atopan as armas municipais: un R e as vieiras que aluden ao señorío dos arcebispos composteláns.

A CASA MARIÑEIRA

Nesta vila atopamos dous modelos distintos de vivenda mariñeira. Un, de planta baixa, respondendo á tipoloxía máis antiga de vivenda, a da casa terreira que naceu nos tempos medievais e permaneceu con forza ata tempos recentes. Esta vivenda é recoñecible polo seu pequeno tamaño e por abrirse á rúa só cunha porta e un ventanuco, aínda que, ás veces, ten ao carón unha pequena construción para os aparellos de pesca.

O outro modelo, o da maioría das construcións, presenta dous andares con corredor de madeira no piso alto, substituída no século XX por ferro forxado; este balcón servía para secar as redes.

A mediados do s. XIX desenvolveuse un novo modelo de vivenda, asociado aos industriais do peixe e a salga, cun edificio de estrutura simétrica, un balcón sobre a porta e unha xanela por habitación aos lados.

Vamos virando pola rúa de Reveriano Soutullo, antes do Ribeiro, onde se mesturan edificios de distintas épocas. Aquí e acolá veremos casas con portas de aire _esas grandes xanelas que van do teito ao chan_, un elemento construtivo que apareceu durante o Barroco e que se mantivo durante séculos pola súa funcionalidade, ao proporcionar máis luz e ventilación aos cuartos.

Ao final, nun recanto tranquilo, atópase o antigo edificio do Concello (9-vermello), hoxe Conservatorio de Música. Este elegante pazo urbano serviu como sede da administración municipal desde 1788 ata mediados do século XIX, cando a entidade se trasladou á casa da Torre. Con anterioridade, os rexedores reuníanse en casas alugadas ou locais cedidos, e cando o concello era aberto e acudía tamén a veciñanza, as sesións celebrábanse no campo do Carballo, fóra dos límites da vila, un pouco máis arriba da igrexa.

Antes de volver á rúa da Ribeira paga a pena botar unha ollada á rúa do Cruceiro e á súa continuación, a do Loureiro.

A COCA

O Corpus de Redondela é unha festa singular inzada de elementos históricos perdidos noutros lugares do país. Entre eles, dous chaman poderosamente a atención: a Coca e as danzas de espadas e das penlas.

A Coca é unha figura de dragón que percorre a vila. A súa presenza, segundo parece, era habitual nas festas do Corpus de moitas vilas e cidades de Galicia e do norte de Portugal. Esta celebración, posiblemente de orixe pagá, acabou cristianizada como encarnación do mal, vencido na festa do Corpo de Cristo pola fe. Nesta posta en escena da loita do ben e o mal desenvólvese a danza de espadas, na que os fieis vencen o maléfico. Outro elemento perdido é a danza das penlas, realizada por varias parellas de mulleres que portan nos ombreiros a nenas (as penlas).

Estas e outras tradicións foron perseguidas a partir do século XVIII, cando as autoridades eclesiásticas viron necesario eliminar da práctica relixiosa actos de orixe pagá ou, simplemente, de carácter laico. Por este motivo, estes costumes foron esmorecendo ata desaparecer en Galicia.

Desde mediados do século XX, veciñas e veciños de todas as idades confeccionan alfombras florais sobre as que logo pasará a procesión.

Nun dos primeiros edificios do Cruceiro aínda pode distinguirse o arco conopial e as cunchas que proceden do antigo hospital de pobres e peregrinos que existía xa no século XVI e, se cadra, con anterioridade. A rúa do Loureiro contén moi bos exemplos da arquitectura popular desta zona: vivendas mariñeiras de andar único ou de dous andares co seu corredor, algunhas cun certo desenvolvemento, outras bastante estreitas, como aproveitando a saída á rúa.

A Praza da Constitución está rodeada de fermosos exemplos da arquitectura ecléctica dos últimos anos do século XIX e principios do XX; entre eles destacan a chamada **Casa das Marquesitas (12-vermello)** ou a **Casa de José Figueroa (11-vermello)**.

A esta praza dá tamén o actual edificio municipal, da década de 1950, que recolle os aspectos simbólicos dos vellos pazos señoriais (torre, ameas, etc.).

Seguimos ata a **Praza de Santiago Apóstolo**, presidida por unha fermosa fonte que recolle unha imaxe do apóstolo, na mesma escena que viamos na igrexa parroquial. Santiago, cabaleiro defensor da fe, cabalga levando o pendón que conduciu o exército cristiá á vitoria na batalla de Clavijo. Aos seus pés aparecen, vencidos, os soldados musulmáns, recoñecibles polos turbantes e cimitarras.

Xa na Alameda é momento de botar un ollo ao segundo dos viadutos que cruzan a vila que forma parte _aínda hoxe_ da liña ferroviaria Vigo-Pontevedra. Este viaduto comezou a proxectarse pouco despois do outro, contra 1881, e as obras remataron en 1884. Este tramo foi, sen dúbida ningunha, o máis complexo da liña ao ter 26 m de alto e 126 de longo. O seu deseño correspondeu ao enxeñeiro Luis Wirtz, quen preferiu empregar ferro laminado e non fundido, polo que a obra resultou máis económica e, sobre todo, segura.

Ao entrar na vila ou ben alongando un pouco o paseo, paga a pena achegarse á Praza de Pontearreas e ao antigo convento das monxas xustinianas de Vilavella.

OS BARRILLOS DAS MONXAS

O convento foi fundado por García Prego de Montaos en 1501 e o edificio quedou rematado en 1554. Alí viviu unha comunidade de relixiosas ata 1932. Durante séculos, a vila de Redondela foi famosa non só polo peixe ou pola súa actividade comercial senón tamén polos barrillos que estas monxas

confeccionaban e que eran servidos nas festas de gala de toda Galicia. Estas populares sobremesas consistían en doces de marmelo e limóns confeitados; os froitos eran conservados en grandes cantidades de azucre e transportados en pequenas pipas de madeira.

Saímos de Redondela cara ao Viso, tomando a N-550 en dirección a Pontevedra. Aproximadamente a uns 2,5 kms un desvío á dereita indica a ruta ao lugar do Viso. Ao final da aldea, xunto ao paso de peóns, unha estrada á esquerda inicia o ascenso á ermida da Peneda.

3. ERMIDA DA PENEDA



As abraiantes vistas que este lugar ofrece aos visitantes delatan a súa posición dominante na paisaxe. En efecto, estamos ante un outeiro que controla visualmente boa parte da Ría de Vigo e das terras que circundan e se encamiñan ao seu litoral oriental. A forma do monte e esta impresionante localización propiciaron unha ocupación antiga do cumio, xa que é doado de defender e permite vixiar e controlar practicamente a totalidade da contorna.

Nunha das abas do outeiro aínda poden verse a antiga muralla e os restos dalgunhas vivendas do poboado castrexo que se desenvolveu nos séculos do cambio de era _algúns estudos apuntan mesmo a tempos anteriores_. No lugar apareceron muíños de man, ferramentas, escouras de ferro e anacos cerámicos; tamén un cuncheiro, que delata o aproveitamento dos recursos da enseada de Arcade e do esteiro do río Oitavén (ameixas, longueiróns e ostras).

OS CASTROS

Durante séculos, máis ou menos desde o s. VI a.C. (segundo as zonas) ata ben entrada a nosa era, os galegos e galegas vivían en aldeas rodeadas de aparello defensivo. Os poboados posuían rúas, espazos abertos e casas de pedra e madeira con cuberta de colmo. E construíanse en localizacións de doada defensa -nunha península ou ao carón dun precipicio- e onde non chegaba a natureza os seus habitantes dispuñan foxos e murallas.

As xentes vivían da agricultura e da gandería, aínda que a caza, o marisqueo e a pesca -nos castros costeiros- eran tamén importantes, así como o comercio. Segundo Estrabón, o pan de landras, a manteiga e a cervexa eran os elementos definitorios da súa dieta, aínda que sabemos, grazas á arqueoloxía, que tamén recollían millo miúdo, trigo, fabas, chícharos, castañas ou arandos. Na costa, peixe e mariscos eran elementos habituais na dieta.

Na opinión dos romanos, estes antepasados nosos eran xente guerreira, valorosa e un tanto indómita, que se organizaba en comunidades xerárquicas, conformando diferentes pobos espaxados por toda Galicia.

Nos tempos medievais tanto o outeiro como a súa contorna inmediata conformaron un espazo de gran valor estratéxico polo control que ofrecían do territorio. Os arcebispos composteláns eran daquela os señores da terra e durante bastante tempo cederon O Viso a diferentes cabaleiros que cobraban as rendas e exercían o señorío na parroquia en pagamento á súa fidelidade e ao seu servizo aos prelados e á Igrexa de Santiago. Así asumiron O Viso, desde mediados do século XIV, Fernán Láñez de Soutomaior e o seu fillo, Alvar Páez. Esta cesión do arcebispo Rodrigo Sánchez de Moscoso puxo as bases dun longo conflito dos prelados cos cabaleiros de Soutomaior polo control do territorio.

O momento máis complicado desa loita foi o enfrontamento entre o arcebispo Afonso de Fonseca II e Pedro Álvarez de Soutomaior, señor de Soutomaior e cabaleiro principal do reino. D. Pedro controlaba desde o seu castelo de Soutomaior a principal arteria de comunicación do arcebispado de Santiago cara ao sur. Fonseca non parou ata que construíu aquí unha fortaleza que equilibrase o control do territorio, o desaparecido castelo de Castrizán.

FONSECA E SOUTOMAIOR

Esta é a historia dunha catarse, froito dunha serie de procesos anteriores nos que, ao cabo, tamén influíu a complexidade da política castelá da época, na que Isabel e Fernando buscaban asentar o seu poderío real contra as pretensións da filla de Henrique IV, Xoana, e do bando portugués que a apoiaba. Fonseca volveu do exilio imposto polos irmandiños con gañas de recuperar de feito e de dereito o señorío dos arcebispos. Os cabaleiros resistiron a súa ofensiva como puideron. Un movemento similar tivo lugar no bispado de Tui. O resultado foi que a casa de Soutomaior e o seu xefe, Pedro Álvarez, tivo que loitar pola súa supervivencia. Fonseca contaba co apoio dos Reis Católicos e, por conveniencia, dos outros grandes señores. Polo tanto, Soutomaior orientouse cara a Portugal, que era o seu aliado natural, dado o carácter transfronteirizo do seu dominio, e apoiou a Dona Xoana. Ao cabo, os isabelinos impuxéronse e D. Pedro foi forzado ao exilio; acabou morrendo en circunstancias escuras. Non obstante, quedou aquí a lenda das súas fazañas. Foi considerado un caudillo creativo, belicoso e pouco respectuoso coas leis da guerra do seu tempo: atacaba de noite ou á mañanciña (de aí o seu alcume de Pedro Madruga); incorporou as armas de fogo á súa estratexia; e facía e desfecía as alianzas en función dos seus obxectivos estratéxicos.

En 1477, aproveitando que Don Pedro estaba preso, o arcebispo construíu unha fortaleza no cumio da Peneda: unha torre co seu recinto de muralla e un completo aparello defensivo. Á fronte da mesma puxo un escudeiro que mandaba unha gornición duns 20 homes. Deste xeito reforzaba a súa posesión de Pontevedra e Redondela _pouco tempo atrás recuperadas do dominio do Soutomaior_. A fortaleza está tan preto de Soutomaior _perfectamente visible hoxe en día cara ao leste_ que contaba unha testemuña que de noite os soldados que as velaban podían falar entre eles...

Unha vez liberado, Don Pedro comezou a organizar a toma deste castelo: y tantas noches la rodeó, unas antes de la cena y otras estando a cenar, y otras a la media noche, y otras antes del alba, y todo por noches muy frías, y otras muy ventosas, y otras muy lluviosas, y otras en que había lo uno y lo otro, que una noche de agua entró con ellos. Ao cabo, en 1478 ou 1479, o escudeiro Álvaro de Barcia e os seus soldados rendéronse e o castelo foi destruído, de forma que nunca máis fose unha ameaza para Soutomaior.

Sobre as ruínas da fortaleza construíuse, nunha data imprecisa, unha ermida dedicada á Virxe das Neves. O edificio actual iniciouse no século XVII, aínda que foi reformado varias veces. Esta ermida acolle unha famosísima romaría na que noutro tempo viñan xentes de toda a contorna a quitar o meigallo e a agradecer a curación, sobre todo, de párvulos en procesión coas mortallas. Durante séculos, unha confraría erixida en 1648 ocupouse do mantemento do templo e dos servizos relixiosos. Estamos aquí, posiblemente, ante a sacralización dun espazo sagrado de orixe pagá.

A igrexa está rodeada por un valo que pecha o adro e o separa do exterior. Trátase dun edificio

compacto no que a torre intenta achegar algo de verticalidade ao conxunto; o seu estilo é popular e nel destaca o pórtico coa gran arcada que dá acceso ao templo.

No adro sobresaie o cruceiro, erguido a finais do século XIX para substituír outro destruído polos lóstregos. Esta é unha peza sinxela que recolle a imaxe do Crucificado sobre un capitel con motivos vexetais; no pé, os ósos e a caveira aluden ao seu carácter penitencial, de chamada ao arrepentimento dos fieis.

Un paseo arredor do adro deixa ao visitante magníficas panorámicas sobre unha contorna que abrangue ducias de quilómetros. De dereita á esquerda, a partir da fachada da igrexa, poden verse: o val dos ríos Oitavén e Verdugo, que marcan os camiños cara ao interior; o castelo de Soutomaior; Arcade e a desembocadura do Oitavén na Ponte Sampaio; a enseada de San Simón e o fondo da Ría de Vigo, lugar onde aconteceu a Batalla de Rande; os montes de Domaio e os de Penide-Vixiador, e todos os que seguen ata o Miño, separados pola Ponte da A-9; a ría de Vigo e, ao fondo, as Illas Cíes; e, finalmente, Redondela e as súas terras.

A BATALLA DE RANDE

Cargados co precioso botín, os mariñeiros volvían ao Nautilus, depositaban nel os fardos e recomezaban aquela inesgotable pesca de prata e ouro. Decateime. Aquel fora o teatro de combate do 22 de outubro de 1702. Alí mesmo foran a pique os galeóns cargados pola conta do goberno español. Xulio Verne recolleu nas Vinte mil leguas de viaxe submarina un dos feitos máis sinalados da historia desta ría: a batalla na que unha frota franco-española procedente das Indias foi vencida pola armada anglo-holandesa; dela quedan hoxe os galeóns e as historias de tesouros afundidos.

Eran os tempos nos que se loitaba por poñer un rei na coroa de España. Os franceses apoiaron o candidato borbónico, emparentado con eles, e os británicos o Arquiduque Carlos, parente do rei falecido e fillo do emperador de Austria. Estaba en xogo o equilibrio de poder en Europa. A guerra foi longa, tanto na terra como no mar, onde os corsarios supuñan unha ameaza permanente.

No verán de 1702 saíu de América un convoi de buques que, como cada ano, traía a España as riquezas do Novo Mundo: os rendementos do rei pero tamén os de mercadores e institucións. Aínda que a frota viña protexida pola armada francesa, o mando decidiu _para evitar un encontro fatal cos británicos ou os corsarios_ achegarse a Vigo e non a Cádiz _o seu destino habitual_. Deste xeito refuxiáronse na enseada de San Simón, agardando a oportunidade para retomar o rumbo; comezaron a descarga e os preparativos defensivos, entre eles unha barreira que unía as dúas beiras do estreito de Rande.

A frota comandada polo almirante Sir George Rourke presentouse na boca da ría o 20 de outubro e atopou refuxio preto de Cangas, lonxe da artillería viguesa. A súa infantería foi quen de dismantelar os dous fortes que sobre Rande protexían os buques americanos e así a armada superou a barreira marítima. O combate foi duro, posto que os barcos españois quedaron a mercé do inimigo, sen capacidade nin de manobrar nin de fuxir. Consciente das poucas posibilidades de éxito, o seu almirante decidiu prenderlles fogo antes de entregalos. Deste xeito tráxico rematou a batalla de Vigo _como a chaman os británicos_ e comezou a lenda dos galeóns afundidos e do ouro americano.

Sáímos cara ao castelo de Soutomaior, volvendo á aldea do Viso e tomando a estrada á esquerda ata a rotonda de empalme coa PO-2908. Seguindo os sinais chégase ao estacionamento na entrada do castelo.

4. CASTELO DE SOUTOMAIOR



SOAR DUNHA ANTIQUÍSIMA LIÑAXE

Este castelo foi a casa principal dos cabaleiros de apelido Soutomaior. Esta era unha parentela de moita antigüidade, xa que un dos seus membros participara xa co seu exército na batalla das Navas de Tolosa (1212), aínda que medrou en posición e patrimonio cando no século XIV se posicionou en favor de Henrique de Trastámara (futuro Henrique IV) contra o seu irmán, o rei Don Pedro. O crecemento desta Casa foi sostido e levouna a ser unha das grandes de Galicia e orixe _a través de ramas colaterais_ de moitas liñaxes fidalgas que se localizan, sobre todo, no sur da provincia de Pontevedra. As súas armas son os xaqueis, presentes nos emblemas heráldicos propios e tamén nos dos seus parentes menores.

O persoeiro máis coñecido é, sen dúbida ningunha, Pedro Álvarez de Soutomaior, coñecido como Pedro Madruga; sen esquecer tampouco a Paio Gómez, quen viaxou ao reino asiático do gran Tamerlán como embaixador do rei Henrique III ou a Pedro Álvarez de Soutomaior, neto de Madruga, cabaleiro cortesán que acabou fuxido en Portugal. Ao cabo, este Don Pedro morreu sen descendencia, dando inicio a un gran preito polo estado de Soutomaior que se prolongou por máis de 200 anos para acabar recaendo na casa dos Marqueses de Mos.

Concello de Soutomaior: 986705114. Castelo de Soutomaior: 986705105. Horario de apertura do castelo: en inverno de martes a domingo de 11-14h. e de 16-19h.; en verán de 11-14h./ 17-21h. €

O castelo que hoxe visitamos comezou a construírse nalgún momento impreciso entre os séculos XI e XIII. Era entón unha fortificación sinxela que posiblemente posuía só unha torre e un pequeno aparello defensivo. O seu gran desenvolvemento tivo lugar nos séculos XIV e XV, da man do crecemento da liñaxe e da progresiva conflictividade nobiliaria en Galicia.

Esta fortificación foi poderosa, como así o amosan a torre da homenaxe e a vivenda co seu patio de armas pechado cun dobre circuíto de murallas. Unha parte do recinto está protexida pola súa propia localización, ao carón dun precipicio. Ademais, nos accesos máis vulnerables o conxunto estaba protexido pola muralla e polo foxo. Aínda que o castelo foi destruído polos irmandiños, Pedro Álvarez de Soutomaior recuperou a súa utilidade como soar señorial e castelo.

No século XIX boa parte do complexo foi remodelado para acomodarse a usos habitacionais: reconstruíuse a vivenda e adornouse cunha fermosa galería (a Galería das Damas) de estilo neogótico, levantáronse os muros caídos e recuperouse o xardín. O conxunto foi adquirido en 1982 pola Deputación Provincial de Pontevedra, que o rehabilitou.

A visita ten dúas partes ben diferenciadas: o castelo propiamente dito e o xardín que o rodea. Tras o foxo, unha muralla separa o castelo do exterior. O castelo conserva o paseo de ronda e as ameas. Na entrada principal ábrese unha porta protexida por matacáns que permiten aos defensores

dificultar as manobras de ataque. A porta está decorada coas armas dos Marqueses de Mos, nas que figura en primeiro lugar os xaqueis dos Soutomaior.

Un paseo polo interior da muralla permite apreciar como unha parte do edificio foi levantada sobre a rocha e como en moitos lugares esta non foi rebaixada. A pedra proporcionou un sólido fundamento para levantar os muros e os afloramentos graníticos servían, en caso de ataque, para entorpecer os movementos dos exércitos invasores.

Os muros do castelo son rexios e presentan escasas aperturas nos niveis vulnerables. A súa diferente feita delata distintas fases de construción e rehabilitación.

A Torre de Homenaxe é o edificio máis visible, símbolo do poder dos señores da casa sobre a terra e as xentes e último reduto defensivo. Ao igual que ocorreu en case todos os nosos castelos, a tranquilidade dos séculos da Idade Moderna mantivo o seu papel como espazo de representación, pero a súa función residencial esmoreceu. A casa, de desenvolvemento horizontal, estaba pensada para un uso doméstico. A que hoxe vemos, malia que foi bastante reformada no século XIX, conserva o espírito daquel tempo.

Como reforzo do sistema defensivo a torre e a casa están protexidos por unha muralla interior, que serve para conformar o patio de armas. Os espazos interiores foron rehabilitados recentemente e utilízanse como espazo expositivo da Deputación Provincial de Pontevedra.

PEDRO ÁLVAREZ DE SOUTOMAIOR, CONDE DE CAMIÑA (1476)

De todos os señores da casa este é, sen dúbida ningunha, o máis coñecido. A súa lenda vive aínda hoxe nas historias que contan avós e avoas de toda a diocese tudense. Polo xeral, estes contos refírense ao seu carácter teimudo e violento e ao seu gusto por sorprenden os inimigos e abusar das xentes comúns. Así o describe un cronista contemporáneo: era mui mañoso, y sutil, y mui sabio, y mui sentido en cosas de guerra, era mui franco, y trataba bien a los suyos, y era muy cruel con sus enemigos, comía mucho de lo ageno, era uno de los grandes sufridores de trabajos que habia en España toda, ni por que lluviese, ni nevase, ni elase, ni porque hiçiese todas las tempestades del mundo, no dejaría de haçer sus echos, ni daría un cornado por dormir fuera en invierno ni en casa cubierta. Donde no hallase ropa, sabía dormir ençima de una tabla.

Algo de certo hai, xa que logo, na lenda, pero non debemos esquecer que ao cabo aliouse co bando equivocado e a historia non adoita ser xusta cos perdedores. De nacemento ilexítimo, Pedro Álvarez de Soutomaior foi quen de facerse coa cabeza dunha liñaxe cun patrimonio inestable e con escasa capacidade de crecemento se non era a costa doutros, como boa parte da nobreza daquel tempo. Afonso de Fonseca II, arcebispo de Santiago, foi nun tempo o seu mellor aliado e xuntos derrotaron os exércitos irmandiños. Co reino en paz convertéronse en inimigos e iniciaron unha guerra que implicou a toda a nobreza galega. Ao cabo, D. Pedro aliñouse co bando portugués na guerra de Sucesión en Castela e esta decisión supuxo o principio da súa fin.

Ao igual que o castelo, o xardín ten unha historia de seu. Na documentación do século XVIII a zona era un espazo cultivado no que convivían as especies habituais da zona como millo, hortas, árbores froiteiras, etc. con toxeias, prados, o souto e a carballeira. No XIX, cando a gran reforma do castelo, o Marqués deseñou un parque de estilo inglés, imitando a exuberancia e o desorde da natureza, no que se introduciron algunhas especies exóticas coma o eucalipto.

A compra do castelo por D. Eugenio Carlos de Hostos y Ayala en 1935 marca o inicio dun novo período no xardín, caracterizado pola súa recuperación e pola introdución de novas variedades: cipreses de Portugal, sequoias, carballos americanos, tuias xigantes, cipreses Lawson, etc.

A Deputación recuperou o xardín cun criterio historicista, reviviu o xardín francés (de parterres con formas xeométricas), tan habitual nos pazos galegos, e mantivo a política de diversificación vexetal. Aquí se atopan algúns dos exemplares de *Camelia Xapónica* máis antigos de Galicia. E tendo en conta a especial vinculación da provincia con esta planta, desenvólvese unha singular colección con fins non só ornamentais senón tamén científicos.

A CAMELIA

Segundo parece, a camelia chegou a Galicia desde Portugal a mediados do século XIX. Os solos galegos e miñotos permiten unha aclimatación axeitada desta especie que, nun principio, procedía do Xapón. Hoxe danse máis variedades que a *Camelia Xapónica* e, malia que a clásica segue sendo a máis estendida, o certo é que Pontevedra conforma un pequeno paraíso para os amantes da súa flor. Esta é unha árbore singular por canto florece ao longo do inverno, condición que a fixo idónea para a súa instalación non só en pazos senón tamén en xardíns públicos, prazas ou mesmo hortas.

O xardín xeométrico e as árbores máis antigas atópanse na zona que rodea o castelo. Aquí hai exemplares centenarios como o castiñeiro que está ao carón da ponte que salva o foxo. Na zona forestal, nun contorno pintoresco sitúase a antiga capela de San Caetano.

Non moi lonxe de aquí hai unha fermosa paraxe con praia fluvial e unha ponte colgante que cruza o río Oitavén.

Á entrada da vila de Arcade álzase a igrexa parroquial de Santiago que comezou a construírse no século XII. Este templo conserva aínda a portada orixinal, malia que o conxunto foi bastante reformado. Hoxe constitúe un digno exemplo da nosa arquitectura barroca.

Tomamos a PO-2908 á esquerda ata Arcade. Ao chegar á Avenida Xosé Solla viramos á dereita ata a Ponte Sampaio. Pódese estacionar cara ao final da Avenida ou ben no outro lado da ponte.

5. PONTE DE PONTE SAMPAIO



Este é un paso histórico da ruta que percorre Galicia de norte a sur pola costa. Segundo os expertos, no tempo dos romanos levantouse aquí unha ponte, elaborada con madeira sobre piares de pedra. Esta daría paso a outra obra medieval que foi reformada e ampliada no século XVIII, cando o camiño tradicional converteuse en camiño carreteiro ou, como se dicía daquela, en estrada.

A fábrica actual permite salvar o río Verdugo mediante unha calzada asentada sobre 10 arcos de pedra. Ao seu carón están o pobo e un embarcadoiro do que, noutro tempo, saían non só pesqueiros senón tamén lanchas e botes que levaban os viaxeiros a outros puntos da ría. Destes botes eran especialmente socorridos aqueles que ían a Vigo porque permitían acurtar bastante a viaxe.

Neste lugar ven desembocar o río máis caudaloso dos que conforman a ría de Vigo. Os seus aportes dan lugar a un ecosistema específico moi propicio para as especies marisqueiras. Non debe estrañar, xa que logo, a sona que desde antigo teñen as ostras que aquí se recollen. De feito, de aquí saíron, escabechadas, as ostras máis famosas dos tempos medievais e modernos e, mesmo, as que serviron para recuperar criadeiras noutras zonas de Europa.

Un castelo complementou durante os séculos medievais a esta ponte. Era o castelo chamado de San Paio de Lodo que defendía a ponte e servía tamén como posto para o cobro da peaxe a viaxeiros e mercadorías. Desde o século XIII pertenceu aos arcebispos de Santiago pero antes permaneceu baixo control directo dos reis, sendo un dos poucos de Galicia nesta circunstancia, o que dá idea da súa importancia estratéxica.

Baixo o señorío dos arcebispos o castelo mantivo a súa función militar e recadadora, mentres era a parte máis visible da mordomía que levaba as rendas do prelado na zona de Arcade. Estaba xa derrubado contra 1460 e, se cadra, para suplilo o arcebispo Fonseca construíu o castelo de Castrizán no Viso. En calquera caso, aquí seguiu existindo un punto de cobro da peaxe e doutras rendas dos prelados.

Como localización estratéxica nos camiños que levan ao sur de Galicia, foi aquí onde o exército e as milicias populares da contorna se situaron para impedir o paso ás tropas francesas do mariscal Ney, cando na primavera de 1809 este pretendía reocupar o sur da provincia. Aquela batalla de Ponte Sampaio e a resistencia heroica dun continxente formado, sobre todo, por xentes comúns é un dos fitos máis sinalados da nosa historia e como tal foi conservado na memoria das xeracións que viñeron despois.

A BATALLA DE PONTE SAMPAIO

Os franceses entraron en Galicia en xaneiro de 1809 en persecución do exército británico do xeneral Moore. A súa vitoria en Elviña permitiulles a ocupación do territorio, pero á medida que se foron facendo coas cidades e vilas organizouse a resistencia mediante corpos militares e, sobre todo, numerosas alarmas ou grupos de xentes comúns que practicaban a guerra de guerrillas.

Tras ser expulsados de Vigo, Tui e Pontevedra en marzo de 1809, os mariscais Soult e Ney reorientaron a súa estratexia que pasaba por recuperar esas prazas. Deste xeito, Ney saíu de Santiago cun grande exército formado por 8.000 infantes, máis de 1.000 xinetes e 13 canóns. En Ponte Sampaio, na beira de Arcade, agardábao un continxente de soldados e, ante todo, alarmas de toda a provincia. Os galegos dividiron as súas forzas: Pablo Morillo capitaneou os que foron protexer a Ponte de Caldelas _o paso alternativo a Ponte Sampaio_, o Conde de Noroña dirixiu o groso das forzas apostadas na contorna da Ponte e Juan O'Dogherty as tres lanchas canoneiras de apoio.

Os días 7 e 8 de xuño os dous exércitos enfrontáronse. Foi entón cando entrou en acción o canón de madeira que, segundo di a tradición, protagonizou o combate. Malia os seus esforzos, o Mariscal Ney non foi quen de atravesar a ponte e acabou retirándose. Foi o principio da fin dos franceses que comezarían a recuar cara a Castela.

Ben desde Arcade, en dirección a Pontevedra, ben desde o outro lado da ponte, tomando cara á N-550, é recomendable achegarse ás instalacións de Pontesa á beira da estrada. Esta factoría conforma un interesantísimo conxunto industrial deseñado polo arquitecto Pérez Bellas; inaugurada en 1961, foi daquela a fábrica máis moderna de España.

Desde o lado de Arcade chégase á N-550, volvendo pola Avda. Xosé Solla e virando á dereita seguindo os sinais. Desde o lado de Pontevedra, á esquerda, a N-550 permitirá aos viaxeiros seguir todas as direccións.

MÁIS ALÓ

1.- Illas de San Simón e de San Antonio



A illa de San Simón, como se coñece popularmente, en realidade é un arquipélago. Diversos testemuños apuntan a unha ocupación antiga. Os monxes foron os primeiros en situar aquí as súas comunidades, dun xeito intermitente desde a Alta Idade Media ata o século XVIII. E cómpre non esquecer que este é o escenario dunha das nosas máis fermosas cantigas medievais, a de Mendiño. En 1838 aprobouse a creación neste lugar dun punto de corentena onde os barcos e tripulacións debían agardar a ter o pase que lles permitise desembarcar nun porto e onde aqueles con doenzas infecciosas fosen obxecto de atención médica. Durante algúns anos o comerciante vigués Norberto Velázquez Moreno fíxose cargo das instalacións que pasaron en 1854 a mans do Estado, que as mantivo en uso ata 1927.

A Guerra Civil e a represión que o réxime franquista aplicou aos vencidos converteu estas illas nun penal. Entre 1936 e 1943 milleiros de persoas foron recluídas neste lugar.

Posteriormente, aínda foi Albergue Nacional e Colexio Fogar para Orfos. Desde a súa declaración como Ben de Interese Cultural con categoría de Sitio Histórico en 1999 acometeuse a súa recuperación e posta en valor. Hoxe acolle un Centro de Interpretación que amosa e reflexiona sobre a súa longa historia.

Os barcos saen de Cesantes (Redondela) ou San Adrián de Cobres (Vilaboa), organizados pola Fundación Illa de San Simón (www.fundacionilladesansimon.org)

2.- Museos de Vigo

A cidade de Vigo presenta unha ampla oferta cultural e turística, apta para todos os públicos e atractiva para todas as idades. Existen, non obstante, dous museos que completan algúns dos aspectos da ruta realizada.

O Museo do Mar de Galicia explora e amosa a longa e frutífera relación de Galicia co mar. O propio edificio, ao carón da ría, foi unha antiga fábrica conserveira hoxe rehabilitada e acondicionada seguindo os deseños dos arquitectos César Portela e Aldo Rossi. Nesta pequena xoia poden atoparse desde o submarino do industrial Sanjurjo Badía, ao castro costeiro que apareceu durante as obras de construción ou, mesmo, un pequeno acuario.

No centro de Vigo, o Museo Municipal de Vigo «Quiñones de León» acolle unha interesante colección. Máis alá da súa pinacoteca, unha das mellores de Galicia, o espazo dedicado á arqueoloxía e á prehistoria garda pezas achadas non só en Vigo senón tamén na comarca, aquí presentadas dun xeito moi didáctico. O museo expón, así mesmo, unha singular colección histórica relacionada coa batalla de

Rande e coa Guerra da Independencia. Por último, o propio Pazo conforma un complexo de interese, coas diferentes instalacións e cun fermoso xardín con sinalización interpretativa.

Horario do Museo do Mar: no verán de martes a xoves: 10–14 h e 17–22; venres e sábado 10–14 h/ 16–22:30 h; domingos e festivos 10–22 h. En inverno: de martes a xoves 10–14 h. e 16–20 h.; venres e sábado 10–22:30 h.; domingo e festivos 10–21 h. € (www.museodomar.com). O centro presenta unha programación activa que convén consultar antes da súa visita.

Horario do Museo Quiñones de León: martes, xoves e venres: 10–13.30 h / 17–20 h; mércores: 10–20 h; sábados: 17–20 h; domingos e festivos: 10–13.30 h. (www.museodevigo.org).

PREPARACIÓN DA RUTA

Información e servizos turísticos:

- Turismo Rías Baixas www.riasbaixas.depo.es
- Turgalicia: www.turgalicia.es
- Fundación Illa de San Simón: www.fundacionilladesansimon.org

CONCELLOS:

- Pontevedra (www.turismoenpontevedra.com)
Praza de España s/n: 986 84 85 52
- Redondela (www.turismoredondela.net)
Alameda: 986 401 713
- Soutomaior (www.soutomaior.com)
Concello de Soutomaior: 986 705 114; no verán hai un posto informativo no porto.
Horario de apertura do castelo: en inverno, de martes a domingo de 11 a 14 h e de 16 – 19 h; en verán, de 11–14h / 17–21h.
- Vigo (www.turismodevigo.org)
R/Teófilo Llorente, 5 (A Pedra): 986224757 e R/Cánovas del Castillo 22 (preto da Estación Marítima): 986430577. En tempada, varias casetas informativas en situacións estratéxicas.
Horario do Museo do Mar: no verán de martes a xoves: 10–14h e 17–22; venres e sábado 10–14h/ 16–22:30h; domingos e festivos 10–22h. En inverno: de martes a xoves 10–14h. e 16–20h.; venres e sábado 10–22:30h.; domingo e festivos 10–21h. € (www.museodomar.com). O centro presenta unha programación activa que convén consultar antes da súa visita.
Horario do Museo Quiñones de León: martes, xoves e venres: 10–13.30 h / 17–20 h; mércores: 10–20 h; sábados: 17–20 h; domingos e festivos: 10–13.30 h. (www.museodevigo.org)
Vigozoo (www.vigozoo.com)

Teléfono de Emerxencias de Galicia: 112